

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA  
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO,  
O 15 DE SETEMBRO DE 2011,  
BAIXO A PRESIDENCIA DO  
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

**DECRETOS**

**CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA**

- Decreto polo que se regulan as mesas locais do comercio.
- Decreto polo que se establece a estrutura orgánica do Instituto Galego de Consumo.

**CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**

- Decreto polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de técnico superior en proxectos de edificación.

**ACORDOS**

**CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA**

- Acordo polo que se autoriza a subscrición dun convenio específico para o ano 2011, que desenvolve o convenio de colaboración suscrito entre o Instituto da Muller e a Comunidade Autónoma de Galicia, sobre cooperación en programas e actuacións dirixidos especificamente ás mulleres, por importe total de cento setenta e seis mil cincocentos dous euros con cincuenta céntimos (176.502,50 €).
- Acordo polo que se autoriza a concesión dunha subvención á entidade Telefónica de España, S.A.U. (Telefónica Móviles S.A., Telefónica de España, S.A.U; como futura UTE.), por importe de quince millóns douscentos noventa mil euros (15.290.000 euros), ao abeiro da Resolución do 25 de abril de 2011, da Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións para a extensión de redes de acceso de banda larga no rural galego, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER), no marco do programa operativo Feder Galicia 2007-2013, e se procede á súa convocatoria para o período 2011-2013.

- Acordo polo que se dispón a interposición, de conformidade co disposto no artigo 32.2 da Lei orgánica 2/1979, do 3 de outubro, do Tribunal Constitucional, dun recurso de inconstitucionalidade contra o Lei 39/2010, do 22 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o exercicio 2011.

### **CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS**

- Acordo polo que se autoriza a Sociedade Galega de Medio Ambiente (SOGAMA) para a contratación dos servizos complementarios á execución e xestión do recrecido da fase I do vertedoiro de rexeitamentos de Areosa (NC008/2011), por importe de cinco millóns oitenta e seis mil novecentos oitenta euros (5.086.980,00 €).

### **CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL**

- Acordo polo que se declara expresamente a prevalencia da utilidade pública do proxecto "Liña de media tensión, Sequeiros-A Rúa sobre a que cualifica os montes veciñais en man común Bendilló e Vilaster", pertencentes ás comunidades de Bendilló e Vilaster, no concello de Quiroga, Lugo. Superficie de afección: 2.752 e 13.152 m<sup>2</sup>.

### **CONSELLERÍA DO MAR**

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da Consellería do Mar, e a Universidade de Santiago de Compostela, para a elaboración das Táboas Input Output da Pesca Galega 2010, por un importe total de cento corenta e un mil cento setenta e seis euros (141.176,00 €).

## **INFORMES**

### **CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA**

- Informe sobre os resultados de colaboración da Unidade de Policía adscrita coa Subdirección Xeral de Gardacostas, en materia de loita contra o furtivismo e marisqueo ilegal, durante o ano 2011.

### **CONSELLERÍA DE FACENDA**

- Informe sobre a autorización do Goberno galego para a constitución de Novacaixagalicia Banco.

### **CONSELLERÍA DE SANIDADE**

- Informe sobre o Sistema de Seguridade dos Pacientes.

### **CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO**

- Informe sobre as industrias culturais e creativas en Galicia: presente e futuro.

## **ECONOMÍA E INDUSTRIA CONSTRUIU MESAS LOCAIS DE COMERCIO EN 241 CONCELLOS PARA POTENCIAR A COLABORACIÓN ENTRE COMERCIANTES, CONSUMIDORES E ADMINISTRACIÓN**

- ***O Consello da Xunta aprobou o decreto polo que se regulan as mesas locais de comercio, co obxectivo de constituílas como foros de encontro e debate do comercio de proximidade, os concellos galegos e mais os consumidores***
- ***A Xunta dirixiuse aos concellos para requiririlles a constitución das mesas locais de comercio e xa obtivo resposta de 241 municipios***
- ***Do total de 241 mesas locais: 132 foron constituídas polos concellos e 109 serán asumidas pola deputación provincial correspondente por tratarse de concellos que teñen menos de 20 comercios ou carecen de asociacións comerciais***
- ***Cómpre lembrar que o prazo para a contestación de todos os concellos remata en xaneiro de 2012, cando se cumpre un ano da aprobación da Lei de comercio interior de Galicia***

O Consello da Xunta aprobou o decreto da Consellería de Economía e Industria polo que se regulan as mesas locais de comercio, como órganos colexiados de participación, coordinación, cooperación e colaboración entre a Administración local e os axentes representativos do sector comercial, en desenvolvemento da Lei de comercio interior de Galicia.

Deste xeito, as mesas constitúense como foros de encontro e debate do comercio de proximidade, os concellos galegos e mais os consumidores e, por primeira vez, constitúense plataformas que permitirán a participación activa dos comerciantes no deseño da política comercial municipal.

A constitución das mesas locais é unha das propostas máis demandadas polo comercio de proximidade, de cara á potenciación do asociacionismo e a unión entre comerciantes, para o fortalecemento do sector, a mellora na prestación de servizos, o incremento da calidade e a modernización da súa actividade.

Os obxectivos das mesas, fixados no proxecto de decreto, establecen a dinamización e modernización do comercio; a existencia dun foro de debate plural e eficaz e a habilitación dun órgano consultivo de coordinación, de cara á promoción da actividade comercial en cada concello.

As mesas locais de comercio deberán participar no deseño das campañas de promoción do comercio dos municipios, informar sobre as campañas postas en marcha con fondos públicos, sobre as solicitudes para a realización de feiras de oportunidades e sobre as cuestións que lle solicite a consellería competente no eido comercial. Así mesmo, deberán actuar como órganos consultivos, propoñer iniciativas ao concello para a mellora do sector e ser escoitada na elaboración de plans de tráfico e de ordenación do territorio.

A Xunta dirxiuse aos concellos para requiririlles a constitución das mesas locais de comercio e xa obtivo resposta de 241 municipios, coa posta en marcha de 132 mesas polos propios concellos e 109 mesas asumidas pola deputación provincial correspondente, tal e como estipula a normativa nos casos en que os concellos non poden constituír mesas por teren menos de 20 comercios ou careceren de asociacións comerciais. Cómpre lembrar que o prazo para a contestación de todos os concellos remata en xaneiro do 2012, cando se cumpre un ano da aprobación da Lei de Comercio Interior de Galicia.

Deste xeito, a Xunta cumpre co compromiso de alentar dinámicas comerciais que contribúan a facer cidade e que, polo tanto, deben contar cun comercio activo que participe e opine nas decisións que afectan directamente a súa vila, aldea ou cidade.

## **ECONOMÍA E INDUSTRIA REFORZA AS COMPETENCIAS DO INSTITUTO GALEGO DE CONSUMO E MELLORA OS SERVIZOS DE PROTECCIÓN, SEGURIDADE E ASESORAMENTO**

- ***O Consello da Xunta aprobou o decreto da Consellería de Economía e Industria polo que se reforza a estrutura orgánica do Instituto Galego de Consumo que fortalece as súas funcións en materia de seguridade e protección ao consumidor***
- ***O Laboratorio de Consumo Galego amplía as súas funcións de control e vixilancia dos produtos existentes no mercado e amplía as súas posibilidades de colaboración con outras institucións***
- ***Incrementábase tamén o peso da Escola Galega de Consumo, a través da planificación e desenvolvemento de programas de consumo, asesoramento pedagóxico a centros escolares, asociacións e colectividade e a elaboración de materiais didácticos***

O Consello da Xunta aprobou o decreto da Consellería de Economía e Industria polo que se reforza a estrutura orgánica do Instituto Galego de Consumo, que incrementa as súas competencias de control e seguridade aos consumidores, especialmente nas funcións de inspección de consumo no ámbito de adopción de medidas urxentes a prol da seguridade, así como tamén no eido da protección, asesoramento e formación dos consumidores.

As principais novidades do presente decreto céntranse no traballo para a profesionalización das escalas de inspección e subinspección de consumo e o reforzo das actividades de vixilancia no mercado de produtos perigosos para os consumidores, para ser máis eficaz na súa detección e retirada do mercado. Ademais, entre os obxectivos está a axilización dos mecanismos de resposta ás peticións de información e reclamacións dos consumidores, fortalecer o impulso acadado pola Escola Galega de Consumo e a acreditación e impulso do Laboratorio de Consumo.

### **Laboratorio de Consumo Galego**

O Instituto Galego de Consumo, a través do Laboratorio de Consumo Galego (único laboratorio público, oficial e acreditado en toda España) está a traballar na vixilancia da presenza no mercado de produtos perigosos para os consumidores. Neste sentido, a creación deste laboratorio levou, na práctica, a que Galicia se convertera na Comunidade Autónoma en que se realizan máis actuacións a nivel estatal no eido da seguridade.

A través do presente decreto, determínanse e perfílanse as súas funcións co fin de que poida ampliar as súas actividades para abrirse ao mercado e se un instrumento técnico de proposta e análise dentro do Instituto Galego de Consumo. De xeito que o Laboratorio amplía as súas funcións de control e vixilancia dos produtos existentes no mercado e amplía as súas posibilidades de colaboración con outras institucións eido do consumo.

Ademais, ás funcións de análise, confección de informes técnicos e estudos sobre os produtos, engádense ás súas competencias actividades de asesoramento, participación en comités e foros técnicos e harmonización entre laboratorios, así como a prestación de servizos de asistencia científico-técnica aos sectores sociais e industriais. Tamén asume novas responsabilidades no que se refire ao aspecto formativo, incorporando actividades de concienciación e promoción en materia de consumo.

Por outra banda, o Servizo de Vixilancia do Mercado e Seguridade dos Produtos continúa a traballar nas funcións relativas á seguridades dos produtos, pero incorpora competencias relativas á coordinación de inspección de consumo e a tramitación de expedientes en materia de seguridade dos produtos.

### **Escola Galega de Consumo**

En canto ao labor realizado pola Escola Galega de Consumo, as súas actividades de formación e información incrementáronse significativamente nos últimos anos. No presente decreto, perfílase como un instrumento de formación en materia de consumo cunha concepción global, tanto na planificación de programas de consumo e na súa execución, como no asesoramento pedagóxico a centros escolares, asociacións e colectividades e na elaboración de materiais didácticos.

## **EDUCACIÓN ORIENTA O NOVO CURRÍCULO DE FP EN PROXECTOS DE EDIFICACIÓN Á CONSTRUCIÓN INTELIXENTE E O RESPECTO AO AMBIENTE**

- ***A adaptación deste ciclo de grao superior permitirá dar resposta ás novas necesidades do sector***

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria adoptou o currículo do ciclo de formación de grao superior en proxectos de edificación co fin de orientar estas ensinanzas ás novas necesidades do sector no que respecta ao uso de novos materiais e ao respecto ao medio ambiente.

Deste xeito, o novo currículo, que recibiu hoxe o visto e prace do Consello da Xunta, prestará atención ás innovacións nas edificacións, orientadas á construción de edificios intelixentes que achegan solucións para mellorar o confort dos usuarios de vivendas. Ademais as renovadas ensinanzas permitirán formar profesionais cualificados para o uso de enerxías renovables e técnicas que permitan a mellora da eficiencia enerxética en edificios e instalacións, para favorecer a evolución da construción cara a un modelo de desenvolvemento sustentable que evite a degradación ambiental.

Doutra banda, as ensinanzas deste ciclo preparan os futuros técnicos para a innovación no eido dos novos materiais, o uso de prefabricados, e a automatización dos procesos de execución. Ao mesmo tempo, os estudantes adquirirán competencias para satisfacer as necesidades da clientela canto a deseño, compromiso de calidade de produtos e materiais, procesos de execución e garantías das obras.

Os titulados nestas ensinanzas poderán exercer o seu traballo en postos de delineante de edificación, de instalacións e delineante proxectista de redes e sistemas de distribución de fluídos, maquetista de construción, técnico de control documentación, técnico de eficiencia enerxética de edificios ou especialista en trazas, entre outros.

Coa adaptación deste currículo xa son 41 os adaptados no que vai de lexislatura, no marco da estratexia de impulso da FP como unha porta de acceso ao emprego que está a desenvolver o departamento dirixido por Xesús Vázquez Abad.

### **Acceso ao mundo laboral**

Ao igual que os restantes currículos adaptados pola Consellería, os hoxe aprobados inclúen un módulo de formación en centros de traballo con que os estudantes completarán a formación adquirida no centro educativo mediante a realización de prácticas en situacións reais de traballo no ámbito produtivo da empresa, de acordo coas exixencias derivadas do Sistema Nacional de Cualificacións e Formación Profesional

Deste xeito foméntase o acceso do alumnado ao mundo laboral, tal e como demostran os altos niveis de empregabilidade destas ensinanzas. De feito, segundo os últimos



estudos ao respecto, o 88,8% dos titulados que realizaron formación en centros de traballo atopou o seu primeiro emprego en menos de 6 meses, o que confirma a FP como un sistema de oportunidades nestes tempos de crise económica.

## O CONSELLO AUTORIZA UN CONVENIO CO INSTITUTO DA MULLER, POR IMPORTE DE 176.000 EUROS

- ***Favorecerá os colectivos con especiais dificultades para vivir en condicións de igualdade, como as mulleres con discriminación múltiple, as inmigrantes, as discapacitadas, as reclusas ou as vítimas de trata.***
- ***Programará accións para facilitar a participación cualitativa das mulleres na vida política, económica, cultural e deportiva, propiciando o empoderamento feminino.***

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio de colaboración da Secretaría Xeral de Igualdade co Instituto da Muller para a realización de programas dirixidos a diferentes colectivos de mulleres, dotado con 176.502 euros, dos que 141.202 serán achegados polo Instituto da Muller e 35.300 pola Secretaría Xeral da Igualdade. As accións programadas ao abeiro deste convenio teñen como obxectivos específicos atender os colectivos de mulleres con especiais dificultades para vivir en condicións de igualdade, como son as vítimas de trata ou as mulleres con discriminación múltiple, e contribuír ao empoderamento feminino.

O convenio estrutura os programas de actuación en seis ámbitos: as mulleres con discriminación múltiple, a trata de persoas con fins de explotación sexual, as mulleres do medio rural, o empoderamento feminino, o *mainstreaming* ou principio de transversalidade da igualdade e os programas formativos.

Na liña de actuación para colectivos de mulleres con discriminación múltiple, estarán entre as destinatarias mulleres reclusas ou exreclusas, con discapacidade, de etnia xitana, con dependencia de substancias tóxicas, inmigrantes, mulleres prostituídas ou familias monoparentais, para as que se realizarán actuacións do ámbito da saúde, as habilidades sociais, a cultura, a organización do tempo libre ou a sociedade da información.

### **Día 23 de setembro: xornada contra a explotación sexual e a trata de persoas**

No ámbito da loita contra a trata, o convenio inclúe accións como a xornada que organiza a Secretaría Xeral da Igualdade o vindeiro 23 de setembro en Santiago, coincidindo co *Día Internacional contra a Explotación Sexual e a Trata de Persoas*, na que se presentará o proxecto internacional *Itineris* para a protección das mulleres migrantes procedentes do Brasil con destino á UE, donde son explotadas sexualmente, no que participa Galicia. Nesa xornada presentarase a curtametraxe *Escúchame*, de Mabel Lozano, e intervirán expertos policiais en trata de persoas.

O convenio prevé unha liña de actuación para favorecer as condicións de igualdade entre as mulleres do medio rural, con iniciativas como un estudo da realidade socioeconómica da poboación feminina de maior idade residente no rural.

### **Por unha presenza cualitativa**

Co obxectivo de propiciar o empoderamento feminino e a participación da muller nos órganos de toma de decisións e na vida política, social, económica, cultural e deportiva, está previsto o desenvolvemento do programa *Mulleres en Galicia*, cunha exposición sobre a vida de numerosas mulleres galegas e a publicación dun novo libro da colección *As letras das mulleres*.

O convenio programará, así mesmo, accións para incorporar a dimensión da igualdade de oportunidades en todas as políticas públicas, potenciando o *mainstreaming* ou principio de transversalidade, a través de programas en liña impartidos pola Escola de Profesionais da Igualdade en materias como o deseño e xestión de proxectos de igualdade, o liderado en clave de xénero, a muller e o dereito de familia, a aproximación psicolóxica á violencia de xénero ou á discapacidade.

As actuacións completaranse cunha liña dedicada á formación, que inclúe o *Foro Educando en Igualdade*, a *Xornada Galega de Pais e Nais* e unha oferta formativa para o profesorado, que contribuirá á implantación dun modelo coeducativo nos centros de ensino galegos.

## **O PLAN DE BANDA LARGA PECHARÁ 2011 FACILITANDO O ACCESO Á INTERNET A MÁIS DE 421.000 GALEGOS QUE CARECÍAN DE COBERTURA**

- ***O Goberno galego aprobou hoxe a concesión dunha axuda de máis de 15 millóns de euros ao operador Telefónica para estender a banda larga a máis de 11.300 núcleos e 250.000 habitantes do rural galego ata 2013***
- ***A finais de 2011, e en menos de catro meses, esta actuación posibilitará xa a conexión á rede a outras 90.000 persoas***
- ***A solución técnica empregada por Telefónica está baseada na tecnoloxía 3G que permitirá o servizo de banda larga en mobilidade e mellorará a cobertura de telefonía móbil na Comunidade***
- ***O operador investirá un total de 64 millóns de euros nesta acción superando en máis de 26 millóns de euros o orzamento previsto na orde de axudas***
- ***Con esta son xa 5 as accións do Plan que se puxeron en marcha desde 2010***
- ***A última actuación das 6 previstas será a solución vía satélite para achegar a banda larga as zonas con máis dificultades orográficas***
- ***A principios de 2010 había en Galicia 786.000 persoas que non tiñan posibilidade de acceder á internet***
- ***A finais de ano esta cifra reducirase en máis dun 53%***

O Goberno galego aprobou hoxe a concesión dunha axuda de 15,29 millóns de euros ao operador Telefónica para estender entre 2011 e 2013 a banda larga en máis de 11.349 núcleos de rural galego e posibilitar a conexión á internet a outros de 250.000 galegos que non tiñan acceso a este servizo. Xa neste ano máis de 92.000 persoas terán cobertura grazas a esta acción.

Esta actuación é a quinta que se pon en marcha das seis previstas no Plan de Banda Larga 2010-2013 e que está a desenvolver a Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica. Desde mediados de 2010 e ata o día de hoxe o Plan facilitou a conexión máis de 321.000 persoas que carecían de cobertura e pechará o ano posibilitando o acceso á rede a máis de 421.000 galegos nesta situación.

O Plan permitirá que, xa en 2011, a porcentaxe de galegos con posibilidade de conexión á internet chegue ao 87,30% fronte ao 70% existente en 2009. Cómpre recordar que, a principios de 2010 antes do comezo do Plan, había en Galicia 786.000 persoas sen acceso á rede.

Con esta nova acción complementarase a cobertura das actuacións xa iniciadas en 2010 ata achegar a banda larga ao 94% dos galegos e a todos os puntos de demanda de servizos públicos (centros educativos, centros de saúde, farmacias, xulgados de paz, etc.) sen acceso á internet. A porcentaxe restante completarase vía satélite ata chegar ao 100% da poboación con cobertura en 2013.

### **Investimento total de 64 millóns de euros**

A subvención concedida a Telefónica, en réxime de concorrència competitiva, é de 15,29 millóns de euros que, xunto co investimento privado previsto polo operador, acadará un orzamento global de máis de 64 millóns de euros. Este importe supera en máis de 26 millóns de euros o investimento total previsto polo Goberno galego na orde de axudas aprobada en abril deste ano.

### **Tecnoloxía 3G**

A solución técnica empregada por Telefónica para completar a cobertura no rural galego está baseada na tecnoloxía 3G na banda de frecuencias de 900MHz, o que permitirá o servizo de banda larga en mobilidade.

A tecnoloxía móbil 3G é a aposta tecnolóxica dos países máis avanzados para dar acceso a largos de banda de media e alta capacidade en territorios orográficos complexos como o de Galicia. Para o seu despregamento, Telefónica contará tanto coas infraestruturas propias xa existentes coma coas da empresa pública Retegal, que ademais construírá novas localizacións en todo o territorio rural.

Entre as principais características da tecnoloxía UMTTS-3G que empregará Telefónica, destaca a súa estabilidade e a súa escalabilidade, é dicir, a súa capacidade para aumentar progresivamente a velocidade de descarga de datos.

### **Mellora da cobertura en telefonía móbil**

No caso de Galicia, todas estas vantaxes veranse incrementadas coas novas autorizacións administrativas para utilizar a banda de 900 MHz co UMTS-3G, que permite unha gran penetración en áreas con obstáculos naturais. Polo tanto, coa dispoñibilidade desta parte do espectro radioelétrico a cobertura de voz e datos mellorará aínda máis, se cabe, contribuíndo a completar non só acceso á rede cos mellores estándares de velocidade e calidade dispoñibles senón tamén a cobertura de telefonía móbil en Galicia.

### **Características do servizos**

Telefónica establece a velocidade mínima do servizo a ofertar en 7,2Mbps de velocidade de baixada e 1,4Mbps de subida, mellorando así a velocidade mínima de 2Mbps de velocidade de baixada e 512Kbps de subida que se establecía na convocatoria publicada no DOG. Ademais, a evolución desta tecnoloxía permitirá velocidades de 42Mbps.

Por outra parte, Telefónica instalará, onde sexa necesario sen custo adicional para o cliente un repetidor, para asegurar a cobertura no interior. Ademais, o operador garante a alta inmediata aos usuarios interesados en contratar o servizo.

### **Proxecto piloto en Santiago**

No marco dos compromisos adquiridos na súa proposta para o Plan de Banda Larga, Telefónica ten previsto despregar a medio prazo unha rede LTE (Long Term Evolution)

na zona céntrica de Santiago de Compostela convertendo a capital galega na primeira cidade con cobertura completa con esta tecnoloxía por parte deste operador. A rede LTE, tamén coñecida como 4ª xeración, é unha evolución da rede UMTS que permite alcanzar velocidades de descarga moi superiores, o que situará a Santiago na vangarda das tecnoloxías da información e a comunicación, o cal senta as bases para un maior crecemento económico e social.

### **Colaboración entre a Administración e o sector privado**

O obxectivo do Plan de Banda Larga é de dotar de cobertura o 100% dos galegos en 2013. Coas actuacións postas en marcha ata agora, en colaboración cos operadores Telefónica, R e Iberbanda e o apoio do operador público Retegal, o Plan está a cumprir os obxectivos marcados estendendo o acceso á internet no rural galego así como a implantación de redes de nova xeración con velocidades de 100Mbps fóra das sete grandes cidades galegas. Coa actuación aprobada hoxe a Xunta está a investir 81 millóns de euros cos que mobilizará 247 millóns de euros entre capital público e privado.

## **A XUNTA APROBA RECORRER ANTE O TRIBUNAL COSTITUCIONAL OS 805 MILLÓNS QUE LLE DEBE O ESTADO NOS ORZAMENTOS DE 2011 POR INCUMPRIMENTOS DO SISTEMA DE FINANCIAMENTO AUTONÓMICO**

- *O Goberno galego toma esta decisión tras esgotar todas as vías de diálogo*
- *Asegura que o Goberno central axusta os recursos de maneira discrecional e en función das súas necesidades de financiamento*
- *O Executivo autonómico advirte que o Goberno está a crear inseguridade xurídica no modelo de financiamento que sustenta o Estado do Benestar*
- *A Xunta xa tivo que axustar o seu orzamento en 129 millóns de euros pola negativa a transferir este ano o Fondo de Cooperación*

O Consello da Xunta aprobou hoxe interpoñer un recurso ante o Tribunal Constitucional co fin de reclamar os 805 millóns de euros que lle debe o Estado á comunidade autónoma por incumprimentos do modelo de sistema de financiamento autonómico e que terían que figurar nos orzamentos do ano 2011.

O Executivo autonómico tomou esta decisión tras esgotar todas as vías de negociación co Estado, polo que non lle queda máis saída que presentar este recurso para tentar conseguir estes fondos.

A Xunta lamenta que esta vontade negociadora do Goberno galego no seo da Comisión Bilateral que tivo lugar o pasado mes de xullo topase cunha falta absoluta de lealdade e respecto institucional, xa que o Estado non quixo nin discutir nin consensuar nada nun foro convocado precisamente para achegar posturas e evitar xudicializar o proceso e desistiu en asistir cun interlocutor válido para tomar decisións e nin sequera se presentou un secretario de Estado.

Hai que lembrar que foi o Goberno autonómico o que tivo a iniciativa de solicitar a Comisión Bilateral e buscou o consenso, achegando argumentos, mentres que a delegación do Goberno central renunciou á negociación e apostou pola vía xudicial. A Xunta de Galicia está convencida de que a asisten razóns xurídicas para reclamar esta cantidade e necesidades para seguir pelexando por estes recursos.

A Xunta considera que o Goberno está a empregar o modelo de financiamento autonómico de maneira discrecional e en función das súas necesidades de financiamento, xa que, por un lado, adianta os axustes do IVE e do Statu Quo a Galicia con base en estimacións e, por outro, adía o anticipo do Fondo de Cooperación de 2011 e os recursos adicionais de 2010, á espera de ter os datos definitivos.

Así, explica que a cláusula do Statu Quo, a pesar de que se incluíu como garantía de non perder capacidade financeira con respecto ao anterior modelo, é dicir, ten por obxecto evitar perdas de recursos, se non se incluíse Galicia percibiría máis de 200

millóns de euros máis, o cal carece de sentido. Por outro lado, solicítase a transferencia este ano do Fondo de Cooperación, vital para Galicia e orzado, xa que a comunidade xa o percibiu tanto en 2009 como en 2010.

Por outra banda, a Xunta de Galicia reclama os recursos adicionais do ano pasado correspondentes ao sistema de financiamento autonómico, por importe de 162,3 millóns de euros, así como os 171,6 millóns de euros polo axuste practicado á comunidade polo Estado tras o incremento de tipos impositivos do IVE a partir de xullo de 2010.

### **Inseguridade xurídica**

Ademais, o Executivo autonómico advirte de que o Executivo central está a crear inseguridade xurídica no sistema de financiamento autonómico, que é o que sustenta o estado do benestar e permite sufragar a sanidade, a educación e os servizos sociais.

A negativa do Goberno de transferir o Fondo de Cooperación provocou que a comunidade tivese que axustar aínda máis os seus gastos. A Xunta blindou o gasto social e as actuacións comprometidas.



## **SOGAMA DOTARÁ DE MAIOR ESTABILIDADE OS NOIROS DO VERTEDOIRO DE AREOSA MEDIANTE A SÚA ADAPTACIÓN Á AUTORIZACIÓN AMBIENTAL INTEGRADA**

- ***O Consello da Xunta autorizou a contratación deste servizo, que se realizará de forma conxunta co propio recrecido da fase I do vertedoiro debido a razóns de carácter xeotécnico, ambiental, económico e de explotación***
- ***A firma adxudicataria no seu momento da execución e xestión do recrecido, será tamén a encargada de levar a cabo esta tarefa, o que permitirá axilizar prazos e minimizar custos***
- ***Como consecuencia desta actuación, que se desenvolverá nun ou dous anos e cuxo importe ascende a máis de cinco millóns de euros, a zona de recrecido verase ampliada nun 45%, permitindo acoller 180.000 toneladas máis de residuos urbanos***
- ***De forma paralela, Sogama segue a traballar nun proxecto sectorial de incidencia supramunicipal a través do cal pretende incrementar a vida útil do vertedoiro en oito anos***

O Consello da Xunta autorizou a contratación dos servizos complementarios á execución e xestión do recrecido da fase I do vertedoiro de Areosa co fin de que Sogama poida dotar aos noiros de maior estabilidade, adaptándoos á autorización ambiental integrada; un labor que, segundo os técnicos especialistas na materia, debería realizarse de forma conxunta co propio recrecido por razóns de carácter xeotécnico, ambiental, económico e de explotación.

Así, a previsión é unir o noiro sur do recrecido co noiro norte da fase II do vertedoiro, cubrindo, baixo condicións axeitadas, o espazo comprendido entre ambos os dous (en forma de "v"), o que posibilitará unha mellora na estabilidade, así como na xestión das augas pluviais e a integración paisaxística, reducindo os custos de explotación.

O importe estimado do contrato, que se executará durante unha ou dúas anualidades, dependendo en todo caso da capacidade das zonas de depósito resultantes, ascende a aproximadamente 5.086.980 euros.

A través dun procedemento negociado sen publicidade, a firma adxudicataria no seu momento da execución e xestión do recrecido, cuxo expediente foi autorizado polo Consello da Xunta o 31 de marzo de 2010, será a encargada de levar a cabo este labor, tendo en conta que, desta forma, axilizaranse os prazos e evitaranse interferencias operativas, á vez que se propiciará o conseguinte aforro económico, xa que a duplicidade de maquinaria e medios humanos implicaría uns notables sobrecustos para Sogama.

Máis aló da execución das obras de acondicionamento dos diferentes vasos de vertedura, os traballos que se contraten aglutinarán tanto a explotación como o

acondicionamento, selaxe, clausura e rexeneración destes, ademais da depuración de lixiviados e o seguimento e xestión ambiental do vertedoiro.

Así mesmo, e como consecuencia desta actuación, a capacidade do recrecido, dimensionado inicialmente para acoller 400.000 toneladas de residuos urbanos, verase ampliada nun 45 por cento, permitindo albergar 180.000 toneladas máis, o que sumará un total de 580.000 (equivalente ao lixo procesado na instalación durante un período superior a un ano).

### **Antecedentes**

A raíz dos demoledores resultados dunha auditoría contratada pola Consellería de Medio Ambiente en maio de 2009, e a través da cal se confirmaron os graves problemas de capacidade do vertedoiro de Areosa, aos que habería que engadir as considerables deficiencias técnicas e de xestión, Sogama puxo en marcha un plan de acción orientado a corrixir ditas disfuncións e minimizar o impacto ambiental desta infraestrutura sobre o contorno.

Ao mesmo tempo, abordou un exhaustivo estudo de viabilidade mediante o cal se analizaron distintas alternativas de ampliación, dando preferencia ao recrecido da fase I, xa selada e clausurada, por considerala a mellor alternativa, tanto en termos de capacidade como de localización en terreos que contaban coa adecuada cualificación para este uso.

Non obstante, con ánimo previsor e como medida preventiva, a Sociedade Galega do Medio Ambiente segue a traballar nun proxecto sectorial de incidencia supramunicipal, que xa se atopa en fase de aprobación definitiva, mediante o cal a vida útil do vertedoiro verase incrementada durante, polo menos, oito anos, utilizando para isto os propios terreos da entidade, o que evita ter que recorrer a un procedemento de expropiación. Deste xeito a instalación contará, por se fose necesario, coas dimensións suficientes para albergar tres millóns de toneladas máis de residuos.

## **APROBADA A PREVALENCIA DA UTILIDADE PÚBLICA DO PROXECTO DE LIÑA DE MEDIA TENSIÓN 'SEQUEIROS-A RÚA' EN MONTES DE QUIROGA**

- ***O Servizo de Montes do Medio Rural en Lugo comunicoulles o expediente ás comunidades de Bendilló e Vilaster, propietarias dos terreos afectados, que non se opuxeron ao dito proxecto***

O Consello da Xunta aprobou hoxe o acordo polo que se declara a prevalencia da utilidade pública do proxecto de Liña de media tensión Sequeiros-A Rúa, sobre a que cualifica os montes veciñais en man común Bendilló e Vilaster, pertencentes ás comunidades homónimas, no municipio lucense de Quiroga.

Tras a autorización do proxecto de liña de media tensión por parte da Xefatura Territorial da Consellería de Economía e Industria en Lugo, o Servizo de Montes do Medio Rural nesta provincia comunicou o expediente ás comunidades afectadas e abriuse un período dun mes para posibles alegacións. As ditas comunidades non se opuxeron á realización do proxecto.

A Dirección Xeral de Montes da Consellería do Medio Rural propuxo que se emitise informe favorable sobre esta prevalencia, cunha afección de 2.752 m<sup>2</sup> (no monte de Bendilló) e de 13.152 m<sup>2</sup> (no de Vilaster), de acordo co previsto no Decreto 260/1992, do 4 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de Montes Veciñais en Man Común.

## **A CONSELLERÍA DO MAR E A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA ANALIZARÁN A PRODUTIVIDADE DO SECTOR PESQUEIRO GALEGO E A SÚA INTERRELACIÓN CON OUTROS SECTORES DA ECONOMÍA**

- ***O estudo farase utilizando a metodoloxía das táboas Input-Output con datos das empresas correspondentes ao ano 2010***
- ***A Consellería obterá así datos socioeconómicos actualizados do sector que permitirán avaliar o impacto en determinadas pesquerías***

A Consellería do Mar e a Universidade de Santiago de Compostela asinarán un acordo de colaboración para coñecer a importancia e a realidade do sector pesqueiro galego, a súa dimensión e a súa relación con outros sectores da economía. O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura deste convenio, que se desenvolverá a través da metodoloxía das táboas Input-Output\* e se presentará no ano 2013. Estas táboas son una importante fonte de información estatística que servirán para coñecer con exhaustividade a realidade socioeconómica do sector pesqueiro galego, a súa dimensión e relación con outros sectores da economía e a súa difusión á sociedade.

O obxectivo deste acordo consiste na elaboración dun documento que recolla as relacións interindustriais que xera a actividade pesqueira e proporcione unha descrición do seu proceso produtivo, partindo da definición conceptual de pesca galega como complexo industrial que integra a pesca extractiva, o marisqueo, a acuicultura mariña, a conserva e os novos transformados así como o sector comercializador pesqueiro.

A Xunta xa empregara este instrumento estatístico nos anos 1995 e 1999 pero, debido aos importantes cambios cualitativos e cuantitativos que experimentou a nosa comunidade nos últimos anos, a Consellería do Mar considera necesario actualizar esta ferramenta, elaborando unhas táboas que reflictan a realidade no ano 2010. O estudo proporcionará datos socioeconómicos do sector que permitirán avaliar o impacto en determinadas pesquerías, unha información relevante especialmente agora, cando se está a debater o futuro da Política Común de Pesca.

O departamento que dirixe Rosa Quintana achegará á Universidade de Santiago de Compostela 141.176 euros para a realización deste estudo. Cabe destacar que a Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais da USC é a única que ten equipos que xa elaboran estas táboas para a pesca galega o que permite garantir a comparación coas anteriores coa máxima coherencia metodolóxica.

\*Táboas de entrada e saída de fluxo económico.

## **A POLICÍA AUTONÓMICA CONTRIBÚE NA LOITA CONTRA O FURTIVISMO COA INCAUTACIÓN DE MÁIS DE 4.000 ÚTILES NO QUE LEVAMOS DE ANO**

- ***A UPA realizou 75 operativos conxuntos con Gardacostas nos cales se identificaron 1.015 persoas e se tramitaron 523 denuncias e 7 atestados***

As consellerías de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e do Mar salientaron hoxe os excelentes resultados que segue a dar a colaboración que presta desde o ano pasado a Unidade de Policía Adscrita a Galicia (UPA) ao servizo de Gardacostas no traballo conxunto para a erradicación do furtivismo no litoral galego.

A Consellería dirixida por Alfonso Rueda presentou ante Consello da Xunta un informe de balance sobre a actividade común que levan a cabo estes departamentos no que levamos de 2011 para a prevención e a loita contra o furtivismo, un problema que afecta tanto o sector pesqueiro como os propios recursos mariños e o ambiente da Comunidade.

Para incrementar a loita contra esta problemática e facela máis efectiva, a Xunta potenciou a intervención da Unidade de Policía Adscrita a Galicia -coñecida como Policía Autónoma- nos dispositivos de loita contra o furtivismo e marisqueo ilegal, en colaboración cos servizos de vixilancia pesqueira, de tal xeito que ano tras ano se están a recoller os froitos de potenciar esta colaboración.

Así, os resultados do informe desvelan que, a través destes operativos especiais, se constata un reforzo en comisos e incautacións. Así, nas 75 intervencións conxuntas levadas a cabo polos axentes autonómicos aprehendéronse dun total de 4.436 útiles - máis de 4 veces o número de útiles incautados en todo o ano 2010 neste mesmo tipo de operativos conxuntos - entre os que cabe destacar 10 embarcacións ou vehículos, 335 nasas ou 324 rastrelos, sachos e caldeiros, entre outros.

Ademais identificáronse 1.015 persoas, foron tramitadas 523 denuncias e abríronse dilixencias policiais (atestados) en 7 ocasións. Destacan tamén as inspeccións, con 63 embarcacións e 193 vehículos inspeccionados no que levamos de ano. No desenvolvemento de todas estas actividades a Policía Autónoma investiu preto de 700 horas de servizo policial.

Os resultados dos 75 dispositivos conxuntos entre Policía Autónoma e servizos de vixilancia pesqueira súmanse ao resto de operacións levadas a cabo por Gardacostas, Seprona ou os gardapescas. Estes operativos traducíronse nun incremento substancial do respecto que os furtivos manifestan aos axentes da Consellería do Mar grazas á presenza do persoal policial, evitando que o labor de control dos Gardacostas derive en problemas de orde pública.

Coa colaboración prestada polos axentes da UPA aos axentes de Gardacostas, recupérase o apoio que a Policía Autonómica deixou de levar a cabo desde 2005 en materia de furtivismo e marisqueo ilegal, pese ao seu notable éxito. Foi a mediados de 2009 cando a Consellería do Mar amosou a súa preocupación polos constantes incidentes relacionados co marisqueo ilegal e pola necesidade de reforzar o apoio ao persoal encargado da regulación e control do marisqueo e da súa actividade extractiva.

Este interese da Consellería do Mar levou á de Presidencia a retomar e reforzar, como unha tarefa específica da Policía Autonómica, a loita contra o furtivismo en colaboración coa Subdirección Xeral de Gardacostas. Así, xa a comezos do ano 2010 integráronse parte dos seus axentes nun grupo policial, debidamente formado e preparado para tarefas de protección e intervención específica.

**A XUNTA CONSIDERA QUE O PROXECTO DE NCG BANCO É A MELLOR OPCIÓN PARA MANTER UNHA ENTIDADE GALEGA, LIDERADA POR GALEGOS E COS CENTROS DE DECISIÓN NA COMUNIDADE**

- *O Goberno galego agardou para autorizar a súa constitución a que se puidese estruturar do mellor xeito posible na defensa dos intereses dos galegos*
- *Lembra que sen a fusión inicial non sería posible a creación do banco*
- *O proxecto orixinario, avalado polo Banco de España, o Goberno e a Comisión Europea, tivo que reformularse polo bandazo normativo do Executivo español*

A Xunta considera que o proxecto global de Novacaixagalicia (NCG) Banco é a mellor opción para a comunidade xa que permite manter unha entidade galega, liderada por galegos e cos centros de decisión na autonomía, e que todas as alternativas eran substancialmente peores.

Así o salienta un informe da Consellería de Facenda, no que se explica que o Goberno autonómico deu a autorización para a súa creación porque acadou determinadas garantías para favorecer a vinculación da entidade coa comunidade, como que se manteñen os centros de decisión e a sede da entidade, que o máximo executivo é un recoñecido directivo galego, que sete dos oito membros do Consello de Administración son galegos e que os novos xestores garanten o mantemento da vinculación con Galicia e as súas empresas.

O Executivo autonómico asegura que estivo agardando o necesario co obxectivo de, dentro do contexto desfavorable actual, se puidese estruturar do mellor xeito posible na defensa dos intereses dos galegos.

O texto do departamento que dirixe Marta Fernández Currás sinala que sen a previa fusión entre Caixa Galicia e Caixanova, que foi avalada polo Banco de España, non sería posible a constitución do banco, e lembra que os territorios como Galicia que dispoñen de entidades propias teñen algún instrumento adicional para afrontar a crise de crédito que invade os mercados españois.

O informe tamén indica que o proxecto orixinariamente deseñado de fusión, validado polo regulador, o Ministerio de Economía y Hacienda e a Comisión Europea, tivo que adaptarse ao bandazo normativo do Goberno central como consecuencia da aprobación do Real Decreto Lei 2/2011. Neste senso, advirte de que os excesos normativo e as urxencias de prazos están levando a unha devaluación das entidades.

Así, o traballo elaborado por Facenda apunta que a evolución do risco país empeorou, pero, o fundamental foi a nova, desmesurada e irresponsable esixencia de capital imposta ás entidades financeiras españolas, e en especial ás caixas de aforros, que supuxo a privatización rápida, desordenada e barata do subsistema español de caixas de aforros.

Conclúe que este cambio normativo foi o que impediu o normal desenvolvemento do proxecto orixinario de fusión das caixas galegas e obrigou a unha reformulación das condicións iniciais para adaptalo a novo escenario normativo.



## **GALICIA AVALÍA A SEGURIDADE DOS PACIENTES E IMPLANTA UN SISTEMA DE NOTIFICACIÓN NESTE EIDO EN TODOS OS SEUS CENTROS HOSPITALARIOS**

- ***No Proxecto Séneca estudáronse 100 aspectos relacionados cos coidados nos pacientes hospitalizados, como a súa identificación, o tratamento farmacolóxico ou o mantemento do material***
- ***O SiNASP é unha nova ferramenta para a comunicación de incidentes que permitirá a adopción de políticas xerais de prevención de eventos adversos de modo institucional en toda a Comunidade Autónoma***

A Xunta realizou unha avaliación da seguridade nos coidados dos pacientes nos seus centros hospitalarios, segundo o modelo de avaliación Séneca. Este modelo de estándares de calidade para a seguridade do paciente está baseado no da EFQM (European Foundation Quality Management) e recolle 100 indicadores que permiten identificar puntos fortes e áreas de mellora para orientar as futuras estratexias relativas á seguridade dos pacientes en Galicia.

Así, os resultados obtidos sinalan como puntos fortes dos hospitais do Servizo Galego de Saúde os aspectos relacionados cos recursos materiais e a existencia de procedementos orientados á seguridade da atención sanitaria.

Pola súa banda, as áreas de mellora identificadas inclúen aspectos como a potenciación de canles de difusión de resultados e información, o establecemento de accións de recoñecemento aos profesionais implicados e a inclusión de aspectos relacionados coa seguridade de pacientes na carreira profesional.

A realización deste proxecto permitiu favorecer o intercambio de coñecemento e mellores prácticas entre os hospitais; homoxeneizar procedementos que favorezan a seguridade dos pacientes; planificar estratexias sobre este eido nos centros a medio e longo prazo; aumentar a concienciación en mellora da seguridade de pacientes entre xestores, persoal asistencial e persoal xeral dos hospitais da Comunidade Autónoma, e detectar áreas de mellora para poder proceder á implantación de medidas correctoras.

Os criterios estudados abarcan diferentes aspectos relacionados coa hospitalización dos pacientes, como a súa identificación, o tratamento farmacolóxico, o transporte sanitario ou o mantemento do material, entre outros.

O Proxecto Séneca-Galicia foi coordinado desde a Subdirección Xeral de Desenvolvemento e Seguridade Asistencial do Servizo Galego de Saúde, traballando de xeito conxunto cos equipos directivos e os responsables de Calidade dos hospitais.

### **Sistema de Notificación e Aprendizaxe**

Así mesmo, a Consellería de Sanidade implantou o Sistema de Notificación e Aprendizaxe para a Seguridade do Paciente (SiNASP) en todos os hospitais da rede do Servizo Galego de Saúde. Galicia convértese, así, na terceira comunidade autónoma en sumarse a esta iniciativa estatal, e a primeira en implantalo en todos os seus hospitais públicos.

O obxectivo desta iniciativa é mellorar a seguridade dos pacientes a través da aprendizaxe, xa que a notificación, por si mesma, non supón un cambio, e é a resposta que se dá aos accidentes a que causa esta mellora.

Este sistema de notificación é voluntario e confidencial. En cada hospital, os incidentes son detectados e comunicados a través dunha aplicación informática polos profesionais sanitarios, e a súa recepción, análise e tratamento corresponde a persoas designadas para este labor polas xerencias do centro. A priorización e posta en marcha das iniciativas de mellora é responsabilidade do núcleo de seguridade de cada hospital, liderado pola dirección deste.

Pola súa banda, a Subdirección de Desenvolvemento e Seguridade Asistencial do Sergas recibe así mesmo as notificacións realizadas en todos os hospitais, o que permitirá a adopción de políticas xerais de prevención de eventos adversos de modo institucional.

O uso dun sistema de notificación de incidentes supón unha ferramenta de mellora para a seguridade que, ao exportar a aprendizaxe obtida, beneficia a todas as organizacións do sistema, xa que permite coñecer, analizar e extraer coñecemento dos incidentes e as situacións de risco potencial que poden acontecer nos centros sanitarios.

Así, proporciona unha guía para a xestión e a mellora na prevención de eventos adversos; estimula o traballo en equipo e a toma de accións e iniciativas de mellora; diminúe a variabilidade no manexo de situacións deste tipo entre hospitais; e abre aos profesionais a posibilidade de comunicar situacións potencialmente mellorables.

## A XUNTA CONFIGURARÁ A SÚA POLÍTICA DE INDUSTRIAS CULTURAIS SOBRE DEZ ÁMBITOS DE ACTUACIÓN ECONÓMICA E EMPRESARIAL

- ***A Consellería de Cultura presentou hoxe ao Consello da Xunta un informe elaborado pola Agadic con medidas para favorecer a dinamización e a competitividade do sector cultural galego.***
- ***O informe inclúe dez propostas de actuación nos sectores do emprego, o emprendemento e a promoción empresarial, a formación, a xestión de fondos europeos, a internacionalización, o emprego de novos instrumentos como a co-creation ou o crowdfunding, a agrupación de clústeres e o incremento investidor e a visibilidade social***

A Consellería de Cultura e Turismo presentou hoxe no Consello da Xunta o informe *As industrias culturais e creativas galegas: presente e futuro*, no que se propoñen dez liñas de actuación destinadas a favorecer a dinamización e competitividade do sector cultural galego a nivel económico e empresarial. Elaborado pola Axencia Galega das Industrias Culturais (Agadic), o documento baséase na potencialidade das empresas culturais galegas como xeradoras de emprego e riqueza para identificar medidas concretas nos ámbitos do emprego, o emprendemento e a promoción empresarial, a formación, a xestión de fondos europeos, a internacionalización, o emprego de novos instrumentos como a *co-creation* e o *crowdfunding*, a agrupación de clústeres ou o incremento investidor e a visibilidade social.

Partindo das conclusións tiradas do estudo de 2010, *As cifras da industria cultural galega: análise cuantitativa*, segundo o que este sector emprega máis de 17.500 persoas e factura anualmente por riba dos 1.100 millóns de euros, establécense agora unha serie de obxectivos a curto prazo, entre os que destacan a promoción do emprego xuvenil e a absorción de masa laboral procedente doutros sectores.

### Valor engadido

A creatividade e os sinais identitarios e culturais propios incrementan, ademais, o valor engadido da industria cultural galega que, segundo este informe, ten como prioridades a medio e longo prazo o aumento do seu peso específico sobre o PIB, a súa consolidación como motor económico e a súa internacionalización.

O documento presentado hoxe no Consello da Xunta incide tamén na necesidade de establecer políticas culturais transversais, dando prioridade a aqueles proxectos que favorezan o desenvolvemento dunha formación básica e especializada de profesionais das industrias culturais, especialmente en ámbitos como os da xestión empresarial, así como a creación de novas empresas e a maduración das xa existentes.

Neste sentido, a Agadic centrará a súa actividade no apoio á industria cultural a través de programas específicos para o acceso ao financiamento das empresas do sector, o impulso da competitividade e profesionalización do capital humano, e a adaptación e

aproveitamento no ámbito das novas tecnoloxías, entre outros aspectos. Os fondos europeos representan, así mesmo, unha oportunidade para canalizar novos proxectos de apoio á industria cultural, que se dotará ademais de programas específicos de acceso aos mercados internacionais a través das oficinas de promoción no exterior, entre outros instrumentos.

O informe destaca, igualmente, novas fórmulas de apoio ás empresas que teñen demostrado a súa eficacia no actual contexto económico. Destacan neste punto a *co-creación*, instrumento para o intercambio de experiencias e oportunidades de negocio a través da organización de encontros entre empresas de diferentes sectores ou/e zonas xeográficas, e o *crowdfunding*, destinado á creación de plataformas que, mediante micro-achegas económicas particulares, permita a posta en marcha de novas iniciativas.

### **Asociacionismo**

As medidas propostas esténdense tamén ao asociacionismo profesional, no sentido de impulsar a posta en marcha dun único clúster galego das industrias culturais e creativas, que agrupe os distintos clústeres e asociacións que conviven actualmente no sector cultural (produto gráfico, libro, audiovisual, música, escena, servizos para eventos, etc.) e se converta en interlocutor principal ante a Administración pública.

A optimización dos recursos económicos a favor dun investimento orientado fundamentalmente á xeración de emprego, ao seu mantemento e á consolidación deste tecido industrial, así como o impulso da visibilidade social do sector cultural como motor económico, completan este programa de propostas, a través do que se aposta pola a calidade, a creatividade, o turismo e o patrimonio como eixes económicos de futuro.